

# MUSEO LISTE—ETNOGRÁFICO DE VIGO

PROGRAMACIÓN 3º TRIMESTRE DE 2023 (XULLO, AGOSTO, SETEMBRO)



# EXPOSICIÓN PERMANENTE

## SALAS TEMÁTICAS

Os tecidos

Simboloxía dos oficios

O peche

A madeira escavada

A luz

A materialidade da fe

A arte de curar

Os cultivos tradicionais

## VISITAS GUIADAS

### PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE

(mínimo 10 persoas; 1 euro por participante)



O seu percorrido permite unha reflexión sobre os profundos cambios económicos, sociais e tecnolóxicos que se produciron nos últimos tempos a través da observación das pezas exhibidas.





# EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

## ANCESTROS TECNOLÓXICOS

Recolle a evolución tecnolóxica a través dunha escolma de pezas organizadas en cinco ámbitos representativos:

- O doméstico: enxoval como batedores, picadoras ou reladores.
- O traballo de oficina: máquinas de escribir, calculadoras e protectógrafos.
- Os medios de comunicación: teléfono, radio e televisión revolucionan hábitos e formas de relacionarse.
- O ocio: o consumo de música mudou cos gramófonos, tocadiscos e radios.
- A arte: representada pola fotografía e os aparellos que acompañaron ao ser humano no seu devezado por conxelar o tempo.



ENTRADA GRATUÍTA (agás visitas guiadas)

Lugar: Sala de Exposicións Temporais.

Datas: ata o 31 de decembro.



# ACTIVIDADES ESPECIAIS VERÁN

## OS SONS DO TRABALLO


A martelada do ferreiro, a máquina de coser da costureira, o chifre do afiador, ... proporcionánnos un punto de partida que nos mergulla no mundo dos oficios introducíndonos nunha das salas da exposición permanente a través de aspectos que resulten familiares e conviden a establecer relacións que xeren coñecemento.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: introdución con breve percorrido pola Sala dos Oficios.
- Parte práctica: recoñecemento de oficios e dos elementos que os definen protagonizados polos seus sons coa utilización de gravacións sonoras.
- Parte lúdica: xincana de busca con soporte de tarxetas e pezas etnográficas.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de 3 a 8 anos.



PARA GRUPOS (DE 10 A 20 PARTICIPANTES) PREVIA SOLICITUDE

1 EURO POR PARTICIPANTE



# ACTIVIDADES ESPECIAIS VERÁN

## MARIANO MARCOS ABALO: A VIDA DEBUXADA

Debuxante, escritor, autor do “Esconxuro da queimada”. Os seus debuxos, protagonistas desta actividade, recrean unha visión etnográfica presente nos contidos do museo. A través deles afondaremos en formas de vida pasadas unindo etnografía e arte.

Desenvolvemento:

- Parte expositiva: exhibición de obras orixinais do artista das series “As árbores”, “Os espantallos”, “As nosas cousas”.
- Parte lúdica: xogo de aprendizaxe e entretemento a través do recoñecemento de oficios, identificación de pezas e acertixos por medio de seriadados con manipulación de reproducións dos debuxos do artista.
- Parte práctica: creación dun “Mouchiño de Mariano”.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de 6 a 12 anos.



PARA GRUPOS (DE 10 A 20 PARTICIPANTES) PREVIA SOLICITUDE

1 EURO POR PARTICIPANTE



# ACTIVIDADES ESPECIAIS VERÁN

## TESOUROS NAS MONTAÑAS

O carbón, o ouro, a prata, o wolframio e, hoxe, as terras raras foron, e son, símbolos do gran desexo do ser humano por prosperar, representando a riqueza, a ambición pero tamén o duro traballo noutros tempos e na actualidade en afastados lugares. Con esta actividade coñeceremos máis sobre o que agochan as montañas e a través da súa descuberta, como fío condutor, participaremos nunha xincana ao xeito dos máis intrépidos buscadores de ouro.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: achegarémonos ao tema proposto a través dunha breve presentación audiovisual.
- Parte lúdica: as diferentes probas a modo de misións encadeadas permitirán pasar de estación en estación ata acadar o prezado produto mineiro. Batalla de grupos por ser os máis produtivos mineiros fomentando a aprendizaxe a través da experimentación e do traballo en equipo.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de 6 a 12 anos.

PARA GRUPOS (DE 10 A 20 PARTICIPANTES) PREVIA SOLICITUDE

1 EURO POR PARTICIPANTE





# ACTIVIDADES ESPECIAIS VERÁN

## MISIÓN IMPOSIBLE

Só os que teñan madeira de axentes segredos conseguirán completar a xincana cultural que permita recuperar as alfaias roubadas a unha importante organización que non parará ata telas no seu poder.

Actividade que xungue aprendizaxe e diversión nunha encadeada serie de probas na que os percorridos de busca permitirán coñecer o museo dun xeito diferente.

Desenvolvemento:


- Parte introdutoria ao xogo: lectura de carta que conta a natureza da misión, entrega de credenciais de axentes segredos e explicación da dinámica organizativa.
- Xincana: o traballo en equipo levará á recuperación das xoias a través da resolución de enigmas, adiviñas, buscas, series, ...

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de 8 a 12 anos.

PARA GRUPOS (DE 10 A 20 PARTICIPANTES) PREVIA SOLICITUDE

1 EURO POR PARTICIPANTE



# ACTIVIDADES ESPECIAIS VERÁN

## ENIGMA

Os xeroglíficos, as mensaxes cifradas e outras linguaxes gardaron información que, ás veces, segue a ser unha incógnita na actualidade. Partindo da grande curiosidade que espertan estas enigmáticas mensaxes e códigos, alimentando un deveso por coñecer que non sempre conseguimos resolver, convidamos aos participantes a mergullarse no seu misterioso mundo.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: introdución audiovisual ao mundo dos códigos e mensaxes cifradas.
- Parte lúdica: xincana que prioriza o traballo en equipo con probas diversas nas que descifrar distintos códigos: morse, braille, alfabetos numéricos, código aeronáutico e múltiples adiviñas.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de 12 a 17 anos.



PARA GRUPOS (DE 10 A 20 PARTICIPANTES) PREVIA SOLICITUDE

1 EURO POR PARTICIPANTE





# NOITE BRANCA

## NOITE BRANCA

O museo súmase a esta celebración da cultura promovida polo Concello de Vigo que, como ven sendo habitual no mes de agosto, convídanos a participar nos espazos culturais e desfrutar das experiencias propostas na súa programación especial:

- Xornada de portas abertas en horario ampliado.
- Visitas guiadas ás exposicións permanente e temporal.
- Actividades especiais.



ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO



# INFORMACIÓN XERAL

## HORARIOS

DE MARTES A SÁBADO : de 10:00 h. a 14:00 h

MÉRCORES: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.

## PREZOS DE ENTRADA AO MUSEO

Xeral: 2 €

Reducido: 1€ (3ª idade, parados, estudantes e integrantes de grupos).

Gratuito: Centros de Ensino e Asociacións da 3ª Idade do Concello de Vigo; e, sempre que non se requira guía: exposicións temporais, os mércores en horario de tarde e menores de 6 anos.

## CONTACTO

Tel. 986 244 698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

repcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org



ESPAZO "CO TEU CAN" (DOG FRIENDLY)

VISITE O NOSO BLOG: <https://museoliste.org/blog/>

